

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

Expediente: 2025000022375

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A SEGUNDA CONVOCATORIA DAS ACCIÓNS FORMATIVAS, XUNTO COAS BASES REGULADORAS E COMPENSACIÓNS HORARIAS ENGADIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO DO ANO 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA


Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto o expediente número 2025000022375, relativo ás accións formativas de referencia engadidas no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025 (PFA DPC 2025), e o resto da documentación relativa á súa proposta pola unidade xestora interesada, que motiva a realización da convocatoria que é obxecto de aprobación;

RESOLVO:

1º.- APROBAR a SEGUNDA CONVOCATORIA das accións formativas / cursos de formación engadidos no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local do ano 2025, aprobadas pola Resolución da Presidencia número 2025/18314, de data 15 de abril de 2025, a realizar e impartir durante os meses de setembro, outubro e a primeira quincena do mes de novembro do presente ano 2025, pola Deputación Provincial da Coruña, como promotor deste tipo de plans de formación, e destinada ao persoal empregado público local da propia corporación provincial e dos concellos e demais entidades locais adheridas da provincial da Coruña, segundo o contido do respectivo anexo que se indica:

- Bases reguladoras das convocatorias das accións formativas / cursos de formación engadidos do Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025 (PFA DPC 2025), engadidas no Anexo núm. 1 da presente resolución (Bases reguladoras das convocatorias de accións formativas (cursos de formación convocadas).
- Normas de Compensación horaria para o persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña por asistir ás accións formativa / cursos de formación presenciais fóra da súa xornada laboral engadidos no PFA DPC 2025, engadidas no Anexo núm. 2 da presente resolución (Normas de compensación – 2ª convocatoria).
- Listaxe de accións formativas / cursos de formación engadidos no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025 (PFA DPC 2025), que son obxecto desta SEGUNDA CONVOCATORIA, e relacionadas no Anexo núm. 3 da presente resolución (Listaxe de accións formativas (cursos de formación convocadas – 2ª convocatoria).



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

2º.- ESTABLECER o seguinte prazo de presentación de SOLICITUDES de participación nesta convocatoria que é obxecto de aprobación no apartado 1º.- anterior, por parte das persoas destinatarias interesadas, de acordo co previsto no apartado 2 das Bases reguladoras das convocatorias das accións formativas / curso de formación do Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025 (PFA DPC 2025):

- Prazo de presentación de solicitudes na plataforma SUBTel (2ª convocatoria):
 - Data e hora de inicio: 22 de XULLO de 2025, ás 08:00 horas, ou de selo caso, na mesma hora do día seguinte a data de aprobación da presente resolución, se este foxe posterior a data anterior.
 - Data e hora de finalización: 6 de AGOSTO de 2025, ás 23:59 horas.

Información adicional:

- Enderezo electrónico para a consulta da listaxe e cadro das accións formativas (cursos de formación) engadidas nesta SEGUNDA convocatoria, así como para a consulta das respectivas fichas individualizadas de cada acción formativa coa indicación da súa modalidade, calendario (datas e horarios previstos) e sede de impartición:

<https://www.dacoruna.gal/formacion/plan-formacion-agrupado-para-o-emprego-publico-local-2025/>


As solicitudes deberán presentarse na plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/gestion/menu>

A oferta de accións formativas / cursos de formación publicárase na páxina web de formación da Deputación da Coruña no seguinte enderezo electrónico:.

<https://www.dacoruna.gal/formacion>

3º.- ENCOMENDAR á Sección de Formación, nos termos e alcance previstos na Resolución de la Presidencia núm. 2021/38905, de data 4 de abril de 2021, relativa á encomenda da xestión de cursos de formación na Deputación Provincial da Coruña, a execución das actuacións necesarias para a realización destas accións formativas, nos termos previstos nas respectivas convocatorias, as que se fai referencia no apartado 1º anterior, autorizándoa a realizar aquelas adaptacións ou modificacións que sexan necesarias para a súa adecuación e efectiva impartición, en relación coa sede, o calendario e o horario previsto no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local do ano 2025, aprobadas pola Resolución da Presidencia número 2025/18314, de data 15 de abril de 2025, así como a resolución das incidencias que xurdan durante a súa xestión.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**


4º.- ORDEAR á Sección de Formación, a realización das actuacións que procedan para a PUBLICACIÓN dun ANUNCIO dun extracto desta SEGUNDA Convocatoria, aprobada no apartado 1º anterior, coa finalidade de facilitar o seu coñecemento polas persoas empregadas publicas destinatarias da mesma.

A Coruña, na data de sinatura electrónica ou dixital do presente documento.

Por delegación de sinatura da Presidencia da Deputación da Coruña,

segundo o previsto na Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña número 2023/32898, de data 29/08/2023, publicada no BOP da Coruña número 178 de data 18/09/2023,

O deputado delegado de Facenda, Recursos Humanos e Avance Dixital,
José Ramón Rioboo Castro.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

ANEXO núm. 1: Bases reguladoras das convocatorias das accións formativas / curso de formación do plan de formación agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025.-

BASES REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN AGRUPADO PARA O EMPREGO PÚBLICO LOCAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DO ANO 2025 CONTINUA

1.- PERSOAS DESTINATARIAS

Persoal empregado público, funcionario ou laboral, da Deputación Provincial da Coruña e das entidades locais que asinaron a súa adhesión ao Plan de formación agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña, que se relacionan de seguido:

- Deputación Provincial da Coruña

- Concellos de:

A Baña, A Capela, A Laracha, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Ferrol, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noia, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Valdoviño, Val do Dubra, Vedra, Vilasantar, Vilarmador, Vimianzo, Zas.

- Outras entidades locais:


Consortio das Mariñas, Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, Mancomunidade Arousa-Norte, Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes, Consorcio para a Promoción do Turismo, Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

Non se considera persoal de entidade local, para os efectos deste Plan, os cargos electos, persoal bolseiro, alumnado de escolas-taller, traballadores/as autónomos/as ou de empresas privadas subcontratadas.

2.- SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse na plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/gestion/menu>



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**

Para acceder a esta plataforma SUBTel é requisito imprescindible ter unha conta de correo corporativa activa no Directorio público local. De non tela, solicíteala o máis axiña posible na súa entidade a través dos representantes de Administración electrónica ou ben dos interlocutores de formación da súa entidade local. As persoas que non estean dadas de alta no Directorio Público Local non poderán participar no Plan.

A oferta de accións formativas / cursos de formación publicarase na páxina web de formación da Deputación da Coruña no seguinte enderezo electrónico:.

<https://www.dacoruna.gal/formacion>

Nesta páxina tamén atopará toda a información relativa ao procedemento para solicitar a inscrición nas accións formativas / cursos de formación que sexan do seu interese.

O prazo para presentar as solicitudes comezará e rematará no día que se determine para cada una das convocatorias ordinarias anuais previstas, e referida a aquelas accións formativas / cursos de formación que se indican de seguido:

- Primeira Convocatoria: accións formativas / cursos de formación que se realicen durante os meses de maio, xuño e xullo do presente ano 2025.
- Segunda Convocatoria: accións formativas / cursos de formación que se realicen durante os meses de setembro, outubro e novembro do presente ano 2025.


A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas solicitantes dará lugar á exclusión automática da acción formativa / curso de formación de que se trate, e á imposibilidade de participar en calquera outra/o desta anualidade.

Antes do inicio das accións formativas / cursos de formación, publicarase o nome das persoas inicialmente admitidas nun espazo habilitado a tal efecto na intranet desta Deputación da Coruña, onde existirá un enlace electrónico á dita listaxe.

As persoas solicitantes recibirán un correo electrónico comunicándolles as accións formativas / cursos de formación nos que foron admitidos. As persoas admitidas e que por circunstancias sobrevidas non poidan asistir, deben comunicalo por correo electrónico, o máis axiña posible, mediante un escrito dirixido á Sección de Formación para que outra persoa poida ocupar a súa praza, utilizando a tal efecto o seguinte enderezo de correo electrónico de destino desta comunicación:

formacion@dacoruna.gal

Se solicita algunha acción formativa / curso de formación na modalidade de “en liña”, as persoas solicitantes deberán de asegurarse de que dispoñen no momento do inicio da/o mesma/o, tanto do hardware como do software necesarios, ademais de contar cun equipo informático que estea actualizado. No caso de solicitar unha acción formativa / curso de formación na modalidade de “en liña” sobre o manexo dunha aplicación informática específica, as persoas solicitantes da/o mesma/o tamén deberán de asegurarse de poder descargar dita aplicación informativa (arquivo, aplicativo, programa ou aplicación informática de que se trate) no seu equipo informático.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**

A Deputación da Coruña non lle custeará ao persoal solicitante/participante e alumnado os programas e/ou aplicacións informáticas NON gratuítas/os, nin tampouco os gastos derivados dos desprazamentos que teña que realizar, se solicita unha acción formativa / curso de formación na modalidade presencial nunha localidade distinta ao seu domicilio particular ou lugar de traballo habitual.

As solicitudes de accións formativas / cursos de formación terán una vixencia e producirán efectos ata o día 31 de decembro de 2025. Quedan sen efecto as solicitudes de accións formativas / cursos de formación correspondentes ao plan de formación agrupado do ano 2024.

3.- CALENDARIO E ADECUACIÓN DO PLAN DE FORMACIÓN Á DEMANDA EXISTENTE

O calendario de realización e impartición das accións formativas / cursos de formación distribúese en dúas convocatorias anuais coa finalidade de favorecer a participación das persoas interesadas, a súa conciliación e o axeitado funcionamento dos servizos. O momento da realización das ditas convocatorias implicará a distribución da impartición das accións formativas / cursos de formación, antes e despois do período non lectivo do mes de agosto, coa exclusión do mes de decembro do presente ano 2025.

As accións formativas / cursos de formación do presente plan de formación agrupado realizaranse segundo o calendario (primeira ou segunda convocatoria) que se indica nas listaxes que forma parte do anexo núm. 3 destas bases reguladoras.

Aínda, que este calendario previsto de realización e impartición das accións formativas / cursos de formación poderá ser modificado e adaptado durante todo o ano 2025, por necesidades de axuste de datas, de aulas ou espazos de impartición, de dispoñibilidade do persoal formador ou de crédito orzamentario, e por outras circunstancias sobrevindas no desenvolvemento das mesmas. Da dita modificación ou adaptación, darase conta e coñecemento aos membros da Mesa de Formación.


Cando existan necesidades formativas non previstas que non puideron ser planificadas con carácter previo, estas poderán tramitarse e realizarse ao longo do presente ano 2025, dando conta e coñecemento dos membros da Mesa de Formación.

Esta Deputación da Coruña, a proposta da Sección de Formación, e dando conta e coñecemento dos membros da Mesa de Formación, poderá adecuar o número de edicións previstas no plan de formación agrupado á demanda existente. A estes efectos poderán incrementarse ou reducirse o número de edicións das accións formativas / cursos de formación, ou no seu caso, cancelar una acción formativa / curso de formación.

4.- SELECCIÓN

As persoas solicitantes e participantes seleccionaranse consonte cos seguintes criterios:

- 1.- Criterios específicos de cada acción formativa / curso de formación (perfil do destinatario).
- 2.- Criterios xerais segundo a seguinte orde:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**

a) Prioridade da elección establecida na súa solicitude.

b) Apelidos e nome, comezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “F” que saíu no sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, realizado o 21 de xaneiro de 2025 (e publicado, mediante a Resolución do 21 de xaneiro de 2025 do conselleiro de Facenda e Administración Pública, no DOG número 16, do 24 de xaneiro de 2025), segundo o seguinte sentido:


- Primeira Convocatoria: accións formativas / cursos de formación que se realicen durante os meses de maio, xuño e xullo do presente ano 2025:
 - seguindo pola dita letra en sentido ascendente (exemplo: F, G, H,...).
- Segunda Convocatoria: accións formativas / cursos de formación que se realicen durante os meses de setembro, outubro e novembro do presente ano 2025.
 - seguindo pola dita letra en sentido descendente (exemplo: E, D,C,...).

3.- Outros criterios de aplicación:

- De acordo co disposto no artigo 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporou no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, co obxecto de actualizar os coñecementos dos empregados e empregadas públicas.
- Poderase participar en actividades de formación durante os permisos por parto, adopción ou acollimento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- En aplicación do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas.

Esta Deputación da Coruña, a proposta da Sección de Formación, resérvase a capacidade de engadir outros criterios adicionais, se fose necesario, para facer esta selección, de forma que resulte máis axeitada á finalidade, contido e obxectivos da acción formativa / curso de formación de que se trate, ou para poder axustar a oferta formativa á demanda formulada, dando conta e co coñecemento dos membros da Mesa de Formación.

Denegáranse aquelas solicitudes que non cumpran cos requisitos ou cos criterios de admisión ou selección.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

5.- RÉXIME ACADÉMICO

Poderán ser excluídas das actividades formativas nas que estean a participar e de futuras convocatorias, as persoas seleccionadas ou participantes que non observen as regras elementais de respecto e consideración cara a persoal docente, participantes ou persoal da Deputación Provincial da Coruña e, en xeral, que contraveñan o disposto no Código de bo goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ao que se adheriu a Deputación Provincial da Coruña mediante acordo plenario de data 21 de decembro de 2018 e publicado no BOP da Coruña número 18 de data 25 de xaneiro de 2019, tendo en conta que os empregados públicos locais, se atopan suxeitos a este respecto ao código ético e de conduta recollido na normativa sobre función pública.

6.- RÉXIME DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

Con carácter xeral a expedición de certificados de asistencia e/ou aproveitamento realizarase cos requisitos previamente establecidos para ese efecto pola Comisión Xeral de Formación para o Emprego das Administracións Públicas que deberán adaptarse á lexislación vixente en materia de recoñecemento da formación profesional e das cualificacións.

A.- A expedición de certificados de asistencia e participación supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 85% das horas presenciais ou das videoconferencias en directo programadas, aínda que as faltas estean xustificadas. No caso de formación mixta, será obrigatorio, ademais, entregar os traballos que se propoñan, e que estes cumpran os requirimentos mínimos establecidos para cada acción formativa / curso de formación.


Para obter o certificado de asistencia e participación ás accións formativas / cursos de formación na modalidade “en liña” deberánse visualizar completamente (100%) todas as leccións / temarios e realizar, coa puntuación mínima que se estableza, todos os test e o resto de probas das que conste a acción formativa / curso de formación de que se trate.

B.- As persoas admitidas, e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Formación, o cal deberá comunicarse por correo electrónico, o máis axiña posible, mediante un escrito dirixido á Sección de Formación para que outra persoa poida ocupar a súa praza, utilizando a tal efecto o seguinte enderezo de correo electrónico de destino desta comunicación: formacion@dacoruna.gal

A Deputación da Coruña, a proposta da Sección de Formación, valorará a admisión en futuras accións formativas / cursos de formación, tanto as convocadas no presente ano como as que sexan convocadas nos vindeiros anos, das persoas que NON cumpran con este requisito.

C.- As persoas admitidas nun curso presencial ou por videoconferencia en directo que teñan unha asistencia / participación inferior ao 85% das horas lectivas, deben xustificalo por escrito diante da Sección de Formación. A Deputación estimará a admisión en futuros cursos das persoas que incorran nesta circunstancia.

D.- Para a obtención dun certificado de aproveitamento, ademais de cumprir co indicado anteriormente, en relación coa asistencia e participación, será necesario haber superado as probas de valoración do aproveitamento que se establezan na guía didáctica da edición da actividade formativa de que se trate (tales como: probas, exames, exercicios ou calesqueira outros recursos interactivos de contido calificable).



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**

E.- A persoa admitida nun curso en liña / telepresencial que non siga o programa de estudos establecido pola Sección de Formación poderá ser excluída deste.

F.- Non se entregarán certificados ou diplomas de asistencia en formato papel senón que se terán que descargar da plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico:

<https://sede.dacoruna.gal/subtel/gestion/menu>

7.- DOCUMENTACIÓN ADICIONAL


As persoas solicitantes pertencentes ás entidades locais diferentes á Deputación da Coruña, que non sexan persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, deberán acreditar que estaban de alta na súa respectiva entidade local correspondente, o primeiro día de inicio da acción formativa / curso de formación de que se trate no que participen. Para iso subirán á plataforma SUBTel, no apartado "Documentación adicional", copia do documento (nómina, vida laboral, certificación da secretaría da entidade local), que acredite a súa condición de empregada/o pública/o da súa respectiva entidade local. Non se entregará certificado de asistencia á persoa solicitante/participante quen non presente a correspondente xustificación. Así mesmo, as persoas que NON teña presentada a referida documentación na primeira semana do mes seguinte ao de inicio da acción formativa / curso de formación, poderán ocasionar un atraso na expedición do seu diploma formativo.

Para a acreditación e xustificación polas persoas solicitantes dos motivos que indiquen na súa solicitude en relación cos outros criterios de aplicación (apartado 4.3 anterior), tamén subirán á plataforma SUBTel, no apartado "Documentación adicional", copia de dita documentación xustificativa, así como una declaración a tal efecto.

O prazo para presentar esta documentación rematará en todo caso, o vindeiro día 31 de decembro de 2026. Pasada esta data, archivaranse definitivamente aqueles diplomas cuxos titulares non a presentaran.

8.- INFORMACIÓN

Para calquera información relativa ao Plan de formación agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025, poden contactar coa Sección de Formación da Deputación Provincial da Coruña por correo electrónico (formacion@dacoruna.gal) ou por teléfono (981 415 810 / 981 415 824 / 981 415 825 / 981 415 826).



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

ANEXO núm. 2: Normas de Compensación horaria para o persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña por asistir ás accións formativa / cursos de formación presenciais fóra da súa xornada laboral engadidos no PFA DPC 2025.


NORMAS de Compensación horaria polas accións formativas / cursos de formación de modalidade presencial, incluídos no Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025 (PFA DPC 2025) realizados polo persoal empregado público da Deputación Provincial da Coruña fóra da súa xornada laboral:

A compensación horaria pola asistencia as accións formativas / cursos de formación de modalidade presencial, realizados polo persoal empregado público desta Deputación da Coruña, fóra da súa xornada laboral, axustarase ás normas e criterios indicados a continuación:

- Cada traballador/a poderá dispor dun "crédito horario" de 40 horas/ano para compensar a asistencia a cursos deste Plan que se realicen fóra da xornada laboral e cuxa materia estea relacionada coas funcións propias do posto de traballo, sempre de acordo coas porcentaxes establecidas para cada curso e posto de traballo.
- Aqueles cursos que se realicen dentro da xornada laboral non computarán dentro deste crédito horario.
- Para os cursos que se realicen fóra da xornada laboral estableceranse porcentaxes de compensación que variarán en función da materia do curso e a súa relación con cada posto de traballo. Así, para un mesmo curso establécense distintas porcentaxes de compensación segundo o destino de cada solicitante. En todo caso nunca poderán compensarse máis de 40 horas/ano.
- Cando se establece unha compensación do 100%, as horas de asistencia ao curso compensaranse na súa totalidade pero non se imputarán ao crédito de 40 horas.
- No caso de que unha persoa non complete o 85% das horas do curso terá dereito a compensación sempre que a súa non asistencia sexa xustificada e que estas faltas xustificadas, sumadas ás horas de asistencia, supoñan un mínimo do 85% das horas lectivas.
- A compensación poderase facer nos 6 meses seguintes á recepción da comunicación coas horas das que dispón. Haberá dúas vías:

A) O crédito horario pódese aplicar á entrada/saída, nese caso ha de respectarse o horario mínimo de permanencia.

B) O crédito horario pódese cambiar por xornada completa. Este cambio unicamente se poderá efectuar se a carga de traballo da Unidade o permite, polo que deberá negociarse previamente coa xefatura da Unidade, que, en todo caso, será a responsable da correspondente validación en e-tempo.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**


**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**

Na listaxe que se xunta figuran as porcentaxes de validación establecidas para cada curso e posto de traballo. No caso de que algunha persoa considere que, como consecuencia da relación existente entre a materia do curso e as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo, a porcentaxe de compensación debería ser outra, debe solicitala por escrito debidamente fundamentado e asinado pola xefatura do Servizo correspondente. O devandito escrito dirixirase á Sección de Formación. Do mesmo xeito, se desde a xefatura dalgún Servizo se considera que a porcentaxe de compensación establecida para algunha ou todas as persoas que forman parte desta non é adecuada para un determinado curso, debe argumentalo nun escrito dirixido á Sección de Formación.

O reflexo na aplicación de control horario da asistencia aos cursos do Plan de Formación Agrupado do ano 2025 levarase a cabo de acordo coas seguintes indicacións:

- 1º- Se se trata de cursos que se realicen dentro da xornada laboral e que se impartan en dependencias provinciais, utilizarase a incidencia "45" "Cursos deputación"; os desprazamentos entre instalacións da deputación para a súa asistencia xustificaranse mediante a incidencia "39" "Xestión interna".
- 2º- Se os cursos teñen lugar dentro da xornada laboral pero en instalacións alleas á deputación, ao saír das oficinas provinciais utilizarase a incidencia "04" "Formación".
- 3º- Para os cursos do plan fóra da xornada laboral usarase a incidencia "50" "Curso plan formación", sempre que se impartan en dependencias provinciais.
- 4º- A asistencia a cursos do plan nos restantes casos non será obxecto de movemento ningún na aplicación de control de presenza.

Nos supostos comprendidos nos números 3º e 4º será control de presenza quen, logo de ver o informe da Sección de Formación, reflicte os tempos que deberán compensarse a cada asistente unha vez finalizado o curso.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN


Compensacións establecidas para as accións formativas / cursos de formación da modalidade presencial que se van realizar dentro do Plan de Formación Agrupado para o emprego público local da Deputación Provincial da Coruña do ano 2025 (PFA DPC 2025):

— **SEGUNDA CONVOCATORIA (MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVIEMBRE [1ª Quincena] DO ANO 2025):**

NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada acción formativa / curso de formación. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todos as persoas asistentes / participantes admitidos que desempeñen postos de traballo NON incluídos na relación seguinte:

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO (¹)	Modalidade	%
54	25.055-1	Reposición da legalidade urbanística	Persoal técnico de urbanismo, área xurídica, medio ambiente, vías e obras e asistencia técnica a municipios	Presencial	100 %
56	25.057-1 25.057-2	Práctica na Plataforma de contratos do sector público (PLACSP)	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á contratación pública	Presencial	75 %
58	25.059-1	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á xestión do patrimonio público	Presencial	100 %
62	25.063-1	Educación en igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia, con preferencia do persoal do FIER	Presencial	100 %
65	25.066-1	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM (Building Information Modeling): xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento, Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	En liña/ Presencial	90 %
72	25.073-1	Cociña: Conservación de alimentos	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións e tarefas en servizos de cociña	Presencial	100 %
73	25.074-1	Cociña: Aplicación da Lei 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións e tarefas en servizos de cociña	Presencial	100 %
75	25.076-1	Aplicacións de xestión da calidade no ensino: Xade e Abalar: IES Puga Ramón	Persoal administrativo de xestión académica e persoal docente do IES Puga Ramón	Presencial	100 %




DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Persoal DESTINATARIO ⁽¹⁾	Modalidade	%
80	25.080-1	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa materia	Presencial	100 %
81	25.081-1	Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI): Bonificación para os inmóbles con instalacións para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar	Aberto a todo o persoal. Preferencia persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa xestión tributaria do IBI	Presencial	100 %
82	25.082-1	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas de inspección tributaria	Presencial	100 %
84	25.084-1	Especialización en contratación de seguros na administración pública	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa contratación pública	En liña / Presencial	100 %
85	25.085-1	Obras de reparación e mellora en camiños e estradas locais: Supervisión e execución de proxectos deste tipo de obras	Persoal técnico que realice funcións ou tarefas nas áreas de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento, Servizo de Asistencia Técnica a Municipios e persoal similar das EELL adheridas	Presencial	100 %
94	25.094-1	A educación afectiva sexual nas/o nenas/os	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia, con preferencia do persoal do Centro de Día de Persoas Menores de Ferrol	Presencial	100 %
95	25.095-1	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia, con preferencia do persoal do FIER	Presencial	100 %
97	25.097-1	Danza clásica, neoclásica e repertorio III	Persoal docente do Conservatorio Profesional da Danza	Presencial	100 %
98	25.098-1	Danza Clásica nivel X	Persoal docente do Conservatorio Profesional da Danza	Presencial	100 %
99	25.099-1	Danza Contemporánea nivel VII	Persoal docente do Conservatorio Profesional da Danza	Presencial	100 %
100	25.100-1	Contas anuais consolidadas do sector público local; actualización normativa e práctica contable local aplicable	Persoal que realice funcións ou tarefas de carácter contable ou orzamentario	Presencial / Telepresenza	100 %

⁽¹⁾ Persoal Destinatario afectado por estas normas de compensacións horarias: A lenda “Aberto a todo o persoal”, inclúe ao persoal empregado público propio da Deputación Provincial da Coruña.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA


SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

**ANEXO núm. 3: LISTAXES de accións formativas / cursos de formación a engadir na
SEGUNDA Convocatoria do PFA DPC 2025.**

LISTAXE núm. 1: PFA DPC 2025 – 2ª CONVOCATORIA
RELACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN: DATOS MODALIDADE,
NÚMERO DE EDICIÓNS, NÚMERO DE PRAZAS E CÓMPUTO HORARIO, E CALENDARIZACIÓN
POR ORDEN DE CONVOCATORIAS.-

**— SEGUNDA CONVOCATORIA (MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO [1ª
Quincena] DO ANO 2025):**

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Nº Edicións	Modalidade	Prazas por Edición	Horas por Edición	Convoc.
9	25.042-1	Linguaxe administrativa galega. Nivel medio	1	En liña + exame presencial	25	75	2ª
10	25.043-1	Linguaxe administrativa galega. Nivel superior	1	En liña + exame presencial	25	75	2ª
16	25.044-1	Pilotaxe de drons para policía e protección civil	1	Mixta: en liña + presencial	25	58	2ª
45	25.047-1	QGIS para a análise de proxectos. Consulta de planeamento e outras fontes cartográficas	1	En liña	30	50	2ª
51	25.052-1 25.052-2	Os contratos menores nas entidades locais e as súas alternativas	2	Presencial	25	6	2ª
54	25.055-1	Reposición da legalidade urbanística	1	Presencial	20	35	2ª
56	25.057-1 25.057-2	Práctica na Plataforma de contratos do sector público (PLACSP)	2	Presencial	20	8	2ª
58	25.059-1	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	1	Presencial	30	12	2ª
62	25.063-1	Educación en igualdade	1	Presencial	12	12	2ª
65	25.066-1	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM (Building Information Modeling): xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	1	En liña/ Video-conferencia	20	30	2ª
67	25.068-1	Tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos públicos a iniciativa particular	1	Presencial	30	20	2ª
71	25.072-1	Sistema de información xeográfica: QGIS Básico	1	En liña	25	30	2ª
72	25.073-1	Cociña: Conservación de alimentos	1	Presencial	15	15	2ª
73	25.074-1	Cociña: Aplicación da Lei 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario	1	Presencial	15	15	2ª
75	25.076-1	Aplicacións de xestión da calidade no ensino: Xade e Abalar: IES Puga Ramón	1	Presencial	40	6	2ª
80	25.080-1	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	1	Presencial	30	12	2ª
81	25.081-1	Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI): Bonificación para os inmóveis con instalacións para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar	1	Presencial	30	4	2ª
82	25.082-1	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	1	Presencial	25	9	2ª



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN**

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	Nº Edicións	Modalidade	Prazas por Edición	Horas por Edición	Convoc.
84	25.084-1	Especialización en contratación de seguros na administración pública	1	En liña / Video-conferencia	30	20	2ª
85	25.085-1	Obras de reparación e mellora en camiños e estradas locais: Supervisión e execución de proxectos deste tipo de obras	1	Presencial	20	21	2ª
93	25.093-1	Actualización lexislativa en materia de igualdade, violencia de xénero e dereitos do colectivo LGBTIQ+	1	Presencial	30	21	2ª
94	25.094-1	A educación afectiva sexual nas/o nenas/os	1	Presencial	30	20	2ª
95	25.095-1	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencia	1	Presencial	30	16	2ª
97	25.097-1	Danza clásica, neoclásica e repertorio III	1	Presencial	11	25	2ª
98	25.098-1	Danza Clásica nivel X	1	Presencial	11	25	2ª
99	25.099-1	Danza Contemporánea nivel VII	1	Presencial	11	25	2ª
100	25.100-1	Contas anuais consolidadas do sector público local; actualización normativa e práctica contable local aplicable	1	Presencial / Telepresenza	30	19	2ª
102	25.102-1	TEDeC Tramitación Básico. Novas Funcionalidades	1	Presencial	30	4	2ª
103	25.103-1	TEDeC Consultas de interoperatividade (Pasaxe) e novas integracións	1	Presencial	30	4	2ª
104	25.104-1	Navegando pola Era do Dato. Curso intensivo no Goberno do Dato. Interoperatividade e datos abertos	1	Presencial	40	4	2ª
105	25.105-1	Introdución á Intelixencia Artificial (IA) na Administración Local	1	Presencial	60	4	2ª

LISTAXE núm. 2: PFA DPC 2025 – 2ª CONVOCATORIA

RELACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS / CURSOS DE FORMACIÓN: DATOS MODALIDADE, ÁREA FORMATIVA E PERSOAS DESTINATARIAS.-

— SEGUNDA CONVOCATORIA (MESES DE SETEMBRO, OUTUBRO E NOVEMBRO [1ª Quincena] DO ANO 2025):

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	ÁREA FORMATIVA	Persoal DESTINATARIO (*)	Modalidade
9	25.042-1	Linguaxe administrativa galega. Nivel medio	Idiomas / Linguas	Persoal das entidades locais que aprobara ou teña validados algún destes cursos: Celga 4, cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega ou curso básico de linguaxe administrativa galega	En liña + exame presencial
10	25.043-1	Linguaxe administrativa galega. Nivel superior	Idiomas / Linguas	Persoal das entidades locais que aprobara o curso medio de linguaxe administrativa galega, o curso medio de linguaxe xurídica galega ou calquera dos cursos equivalentes a estes que se establecen no punto 2º do artigo 5 da Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galega	En liña + exame presencial
16	25.044-1	Pilotaxe de drons para policía e protección civil	Competencias profesionais: Policía local, bombeiros e protección civil	Policía local e persoal municipal de emerxencias e protección civil	Mixta: en liña + presencial
45	25.047-1	QGIS para a análise de proxectos. Consulta de planeamento e outras fontes cartográficas	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas	Persoal que empregue calquera información gráfica de proxectos no seu posto de traballo e que precise informar sobre proxectos, con preferencia de persoal de asistencia técnica a concellos	En liña
51	25.052-1 25.052-2	Os contratos menores nas entidades locais e as súas alternativas	Xurídico procedimental	Aberto a todo o persoal	Presencial
54	25.055-1	Reposición da legalidade urbanística	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas	Persoal técnico de urbanismo, área xurídica, medio ambiente, vías e obras e asistencia técnica a municipios	Presencial
56	25.057-1 25.057-2	Práctica na Plataforma de contratos do sector público (PLACSP)	Xurídico procedimental	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á contratación pública	Presencial
58	25.059-1	Actualización dos conceptos relativos ao manexo da aplicación de xestión do patrimonio GPA	Xurídico procedimental	Persoal que realice funcións ou tarefas relativas á xestión do patrimonio público	Presencial
62	25.063-1	Educación en igualdade	Competencias profesionais: Servizos Sociais e Políticas de Igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia, con preferencia do persoal do FIER	Presencial

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	ÁREA FORMATIVA	Persoal DESTINATARIO (*)	Modalidade
65	25.066-1	Introdución á metodoloxía e fundamentos do BIM (Bulding Information Modeling): xestión de proxectos baseados na tecnoloxía BIM	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento, Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	En liña/ Presencial
67	25.068-1	Tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas en espazos públicos a iniciativa particular	Competencias profesionais: Cultura e lecer	Persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa organización e control de espectáculos públicos e actividades recreativas	Presencial
71	25.072-1	Sistema de información xeográfica: QGIS Básico	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas	Persoal técnico do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura e Mantemento, Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, e persoal similar das EELL adheridas	En liña
72	25.073-1	Cociña: Conservación de alimentos	Específico determinados colectivos	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións e tarefas en servizos de cociña	Presencial
73	25.074-1	Cociña: Aplicación da Lei 1/2025, do 1 de abril, de prevención das perdas e o desperdicio alimentario	Específico determinados colectivos	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións e tarefas en servizos de cociña	Presencial
75	25.076-1	Aplicacións de xestión da calidade no ensino: Xade e Abalar: IES Puga Ramón	Específico determinados colectivos	Persoal administrativo de xestión académica e persoal docente do IES Puga Ramón	Presencial
80	25.080-1	Xestión catastral: catastro inmobiliario, a valoración catastral e procedementos catastrais	Económica Orzamentaria-Tributaria	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa materia	Presencial
81	25.081-1	Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI): Bonificación para os inmóveis con instalacións para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar	Económica Orzamentaria-Tributaria	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa xestión tributaria do IBI	Presencial
82	25.082-1	Xestión e inspección do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)	Económica Orzamentaria-Tributaria	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas de inspección tributaria	Presencial
84	25.084-1	Especialización en contratación de seguros na administración pública	Xurídico procedimental	Aberto a todo o persoal. Terá preferencia o persoal que realice funcións ou tarefas relacionadas coa contratación pública	En liña / Video-conferencia
85	25.085-1	Obras de reparación e mellora en camiños e estradas locais: Supervisión e execución de proxectos deste tipo de obras	Competencias profesionais: Urbanismo e obras públicas	Persoal técnico que realice funcións ou tarefas nas áreas de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, Servizo de Vías e Obras, Servizo de Arquitectura, Mantemento e Servizo de Asistencia Técnica a Municipios e persoal similar das EELL adheridas	Presencial
93	25.093-1	Actualización lexislativa en materia de igualdade, violencia de xénero e dereitos do colectivo LGBTIQ+	Outras competencias ou competencias transversais	Aberto a todo o persoal	Presencial

Nº Orde	Código SUBTel	DENOMINACIÓN Acción formativa / Curso de formación	ÁREA FORMATIVA	Persoal DESTINATARIO (*)	Modalidade
94	25.094-1	A educación afectiva sexual nas/o nenas/os	Competencias profesionais: Servizos Sociais e Políticas de Igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia, con preferencia do persoal do Centro de Día de Persoas Menores de Ferrol	Presencial
95	25.095-1	Igualdade de xénero, diversidade sexual e prevención de violencias	Competencias profesionais: Servizos Sociais e Políticas de Igualdade	Persoal de atención directa ás persoas menores dos centros de atención á infancia, con preferencia do persoal do FIER	Presencial
97	25.097-1	Danza clásica, neoclásica e repertorio III	Competencias profesionais: Cultura e lecer	Persoal docente do Conservatorio Profesional da Danza	Presencial
98	25.098-1	Danza Clásica nivel X	Competencias profesionais: Cultura e lecer	Persoal docente do Conservatorio Profesional da Danza	Presencial
99	25.099-1	Danza Contemporánea nivel VII	Competencias profesionais: Cultura e lecer	Persoal docente do Conservatorio Profesional da Danza	Presencial
100	25.100-1	Contas anuais consolidadas do sector público local; actualización normativa e práctica contable local aplicable	Económica Orzamentaria-Tributaria	Persoal que realice funcións ou tarefas de carácter contable ou orzamentario	Presencial / Telepresenza
102	25.102-1	TEDeC Tramitación Básico. Novas Funcionalidades	Administración electrónica e dixital	Persoal de Concellos que traballe coa plataforma TEdEC	Presencial
103	25.103-1	TEDeC Consultas de interoperatividade (Pasaxe) e novas integracións	Administración electrónica e dixital	Persoal de Concellos que traballe coa plataforma TEdEC	Presencial
104	25.104-1	Navegando pola Era do Dato. Curso intensivo no Goberno do Dato. Interoperatividade e datos abertos	Novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	Persoal de Concellos que traballe coa plataforma TEdEC	Presencial
105	25.105-1	Introdución á Intelixencia Artificial (IA) na Administración Local	Novas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)	Persoal de Concellos que traballe coa plataforma TEdEC	Presencial

(*) Persoal Destinatario: A lenda “Aberto a todo o persoal”, inclúe ao persoal empregado público propio da Deputación Provincial da Coruña e dos concellos e demais entidades locais adheridas ao Plan de formación agrupado para o emprego público local.

+++